

Composición de textos 4 : CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (1)

Doc. 1 IDEARIO CARLISTA (exposto por *María Teresa de Braganza e Borbón, muller do infante Don Carlos*)

Relixión, Patria e Rei (...) Rei, digo por último, pero rei pola graza de Deus e non pola graza da soberanía nacional (...). Segundo o liberalismo, da soberanía nacional emana todo o poder e os poderes que existen, negando deste xeito todo poder de orixe divina. Agora ben, isto está condenado pola Igrexa católica e con razón; pois a Escritura sagrada di expresamente: todo poder vén de Deus.

Doc. 2 CRÍTICA Ó ESTATUTO REAL DE 1834

O pobo aceptou o ridículo *Estatuto Real* que o ministro poeta lle improvisou en lugar dunha Constitución (...) non porque lle satisfíxese, senón porque o que quería era empezar.

Non nos deteremos moito naquel espanto; pero recordaremos os seus caracteres.

O número de electores segundo o Estatuto Real, nunha nación de catorce millóns de habitantes, era ¡pásmese o lector! de 980. E os deputados nomeados por este corpo electoral, debían gozar de 12 000 reais de renda produto das súas fincas.

Martínez de la Rosa reservou á coroa a iniciativa lexislativa; e aínda que concedeu ós procuradores o dereito de petición, foi a condición de ir autorizado con doce sinaturas e de que o goberno só respondese cando quixese.

Sobre esta cámara muda había outra aristocrática, composta de "próceres" (...) que non tiña máis atribucións que as que tiña a dos "procuradores" (...)

Doc. 3 CONSTITUCIÓN DE 1837

Dona Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución, raíña das Españas (...) sabede: Que as Cortes xerais decretaron e sancionaron, e Nós, de conformidade aceptado, o seguinte:

Sendo a vontade da nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución de Cádiz, as Cortes xerais congregadas a este fin decretan e sancionan a seguinte Constitución. (...)

Art. 2. Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con subxección as leis (...)

Art. 4. Uns mesmos códigos rexerán en toda a Monarquía (...).

Art. 11. A nación obrígase a manter o culto e os ministros da relixión católica que profesan os españois.

Art. 12. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art. 13. As Cortes compóñense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.

Art. 15. Os senadores son nomeados polo rei, a proposta, en tripla lista, dos electores que en cada provincia nomeen...

Art. 22. Os deputados elixíranse polo método directo (...)

Art. 36. O rei e cada un dos corpos colexisladores teñen a iniciativa das leis (...)

Art. 45. A potestade de facer executar as leis reside no rei (...).

Art. 63. Ós tribunais e xulgados pertence exclusivamente a potestade de aplicar as leis (...).

Art. 70. Para o goberno interior dos pobos haberá Concellos, nomeados polos veciños (...).

Art. 77. Haberá en cada provincia corpos de Milicia Nacional.

Doc. 4 DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL

O decreto que vou ter a honra de someter á augusta aprobación de V.M. sobre a venda deses bens adquiridos xa para a nación, así como no seu resultado material, ten que producir o beneficio de minorar a forte suma de débeda pública, é mester que na súa tendencia, no seu obxecto e aínda nos medios por onde aspire a aquel resultado, se enlace, se encadee, se funda na alta idea de crear unha copiosa familia de propietarios, cuxos gozos e cuxa existencia se apoie principalmente no triunfo completo das nosas actuais institucións.

Composición de texto 4: CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (Rexencia de María Cristina)

Á morte de Fernando VII (1833) quedou designada como raíña a súa filla de tres anos, Isabel. Durante a súa minoría de idade exerceu o poder en nome da súa filla, María Cristina, viúva de Fernando VII. Ó longo da rexencia (1833-40), María Cristina tivo que facer fronte o carlismo e ó avance do liberalismo.

Os carlistas defendían os dereitos ó trono de Carlos María Isidro, irmán do monarca falecido, e rexeitaban as disposicións da Pragmática Sanción promulgada por Fernando VII en 1830, que, seguindo a tradición da Coroa española, permitía o acceso ó trono das mulleres e derogaba a Lei Sálica imposta por Filipe V, que só permitía ocupar o trono ós varóns. Con este cambio legal, don Carlos perdeu a posibilidade de coroarse rei. Pero máis alá do **conflicto sucesorio**, o carlismo simbolizaba a pervivencia dunha **ideoloxía ultraconservadora** que defendía o mantemento da monarquía absoluta, da soberanía real de orixe divina (Doc. 1: "... rei pola graza de Deus...", "todo poder vén de Deus"), das institucións propias do Antigo Réxime (foros de Navarra e País Vasco) e do seu ordenamento social e económico. Rexeitaba, por tanto, a monarquía constitucional e a soberanía nacional (Doc. 1: "segundo o liberalismo, da soberanía nacional emana todo o poder... negando todo poder de orixe divina"), que, dadas as circunstancias, tivo que aceptar María Cristina se quería contar co apoio dos liberais á causa isabelina.

O conflito carlista comezara xa durante a Década Ominosa do reinado de Fernando VII (1823-33) na que os absolutistas máis ultraconservadores, ó considerar que o rei cedera ante os liberais, se agruparan arredor de Carlos María Isidro e mesmo estableceran unha rexencia absolutista na Seo d'Urgell para esixir un reforzamento do poder real e o restablecemento da Inquisición (abolida no Trienio Liberal e substituída polas Xuntas de Fe). Pero a **I Guerra carlista** estoupou en 1833, ó morrer Fernando VII e autoproclamarse rei Carlos María Isidro (Carlos V para os carlistas) e durará toda a rexencia de María Cristina.

O carlismo, que contou co apoio das potencias absolutistas europeas (Rusia, Prusia e Austria), foi moi activo no País Vasco, Navarra, Maestrazgo e interior de Cataluña e recrutou os seus efectivos entre o clero, a nobreza agraria e o campesiñado. Pero no resto do territorio os seus seguidores foron escasos.

Co conflito carlista de fondo, María Cristina tivo que gobernar cos monárquicos moderados e **cos liberais** máis conservadores (doutrinarios ou moderados), dos que precisaba os seus apoios para asegurar o trono a súa filla. No seo dos liberais había dúas correntes: a **moderada** ou **doutrinaria**, partidaria de reforzar o poder real, de limitar o sufraxio e de tímidas reformas que achegasen ós monárquicos ó liberalismo; e a **progresista**, partidaria de someter o poder real ás Cortes, onde residía a soberanía nacional, de ampliar o censo electoral (aínda que con sufraxio censatario) e de reformas radicais que rematasen co Antigo Réxime e sumasen apoios dentro das clases populares.

Ó principio da rexencia, María Cristina contou coa colaboración nas tarefas de goberno de Cea Bermúdez, un monárquico moderado, que a través da división provincial de España (Javier de Burgos) quixo reforzar o centralismo e a uniformidade do Estado e rematar coas peculiaridades dos reinos medievais, que desapareceron.

Esta tímida reforma intensificou a presión dos liberais, e María Cristina intentou mitigala nomeando a Martínez de la Rosa, un liberal moderado, xefe de goberno. Durante o seu mandato, concedeuse o **Estatuto Real** (1834), que máis que unha carta outorgada é unha convocatoria das Cortes do Antigo Réxime lixeiramente adaptada os novos tempos. A cámara de Procuradores é elixida por sufraxio moi censatario e a de Próceres, designada polo rei de forma vitalicia entre os candidatos de maiores rendas do país (Doc. 2: "*o número de electores... nunha nación de 14 000 000 de habitantes era... de 980*"). As Cortes carecían de iniciativa lexislativa, a cámara de Procuradores só tiña "*dereito de petición...a condición... de que o goberno só respondese cando quixese*" (Doc. 2) o mesmo que a de Próceres (Doc. 2: "*sobre esta cámara muda había outra aristocrática... que non tiña máis atribucións*"). A soberanía seguía, pois, sendo real e non se recoñecen os dereitos civís. O insuficiente Estatuto Real, que non alteraba o sistema vixente, defraudou ós liberais, que intensificaron as súas críticas (no Doc. 2 cualifícao de "*ridículo*", "*espanto*") e axitaron as revoltas urbanas que esixían liberdade, nova lei electoral, recrutamento para rematar co carlismo, etc.

As revoltas e pronunciamentos do verán de 1835 obrigaron a María Cristina a confiar o goberno ó conde de Toreno, que ofrece o ministerio de Facenda a **Mendizábal**. Este liberal progresista, que será máis tarde xefe de goberno e novamente ministro con Calatrava, puxo en marcha algunhas medidas para mudar o sistema, entre elas destaca a **desamortización eclesiástica**. A supresión dos mosteiros e conventos con menos de 12 confesos, agás os das ordes dedicadas ó auxilio social, e a expropiación dos seus bens permitiría o Estado vendelos en poxa pública co fin de reducir o elevado déficit público (Doc. 4: "*a venda dos bens adquiridos xa pola nación... ten que producir o beneficio de minorar a forte débeda pública*"), fomentar o desenvolvemento da agricultura ó poñer as terras en mans de propietarios libres que investisen nas terras para obter o máximo beneficio (Doc. 4: "*crear unha copiosa familia de propietarios*"), aumentar os adeptos ó liberalismo e á causa isabelina (Doc. 4: "*cuxa existencia se apoie no triunfo completo das nosas actuais institucións*"), financiar o exército real e a guerra contra o carlismo, etc.

A desamortización eclesiástica, que provocou a desafección do clero á causa isabelina e a rotura coa Santa Sé, e tamén a denominada *redención de quintas*, que permitía librar do servizo militar mediante o pago dunha cantidade e que por tanto discriminaba ós grupos menos favorecidos da sociedade, restaron apoios a Mendizábal, que foi substituído por Istúriz, un liberal moderado que paralizou as reformas.

Pero, no verán de 1836, novos levantamentos liberais a favor do restablecemento da Constitución de 1812, que culminaron co Motín de La Granja, forzaron a María Cristina a restablecer a Constitución de Cádiz e convocar Cortes constituíntes co obxectivo de reformala para adaptala ás novas circunstancias. A raíña chamou a Calatrava, un liberal progresista a formar goberno.

As Cortes constituíntes, de maioría progresista, procuraron elaborar un texto comedido que convencesse a progresistas e moderados co fin de garantir a súa estabilidade. O resultado foi a **Constitución de 1837**, que estivo vixente ata 1845.

No preámbulo da Constitución de 1837 faise unha mención explícita á soberanía nacional (Doc. 3: "*Sendo a vontade da nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución de Cádiz...*"), porén, os artigos 12, 15 e 36 indican un notable reforzamento do poder real con respecto á Constitución de 1812, xa que na práctica se está a establecer unha soberanía compartida entre o rei e as Cortes, ambos representantes da nación (Doc. 3: "*Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución, raíña das Españas*"). O monarca exerce o poder executivo (Doc.3 art. 45), nomea e depón ós ministros (que teñen que ser aceptados polas Cortes e deben responder ante elas das súas accións) e comparte o lexislativo coas Cortes (Doc. 3 art. 12 e 36), participa na composición das mesmas (Doc. 3 art. 15), ten capacidade para sancionar ou vetar as leis... Pero a Constitución recolle a división de poderes: executivo, no rei; lexislativo, nas Cortes e no rei; e xudicial, nos tribunais (Doc. 3 art. 63). Neste poder do rei advírtese a influencia do liberalismo doutrinario, ó igual que na concesión do sufraxio censatario.

Porén, a recoñecemento da liberdade de expresión (art. 2), o mantemento da Milicia Nacional (art. 77), a elección dos gobernos municipais por sufraxio universal masculino (art. 70), manifestan a influencia do liberalismo progresista.

A Constitución de 1837 non ten o carácter marcadamente confesional da Constitución de Cádiz, só recoñece a obriga do Estado de manter o culto e o clero da relixión católica (Doc. 3 art. 11), en compensación polas perdas económicas ocasionadas á Igrexa pola desamortización, pero sen especificar a confesionalidade do Estado.

O artigo 4 establece a igualdade lexislativa en todo o reino. Isto supón a igualdade ante a lei de todos os cidadáns e limita as peculiaridades legais dalgúns territorios (foros).

Esta Constitución procurou equilibrar os principios moderados e progresistas, pero non foi posible o consenso por moito tempo. Os moderados non aceptaban aspectos como a elección popular dos concellos.

Nas eleccións lexislativas de 1837 gañaron os moderados. Os sucesivos gobernos desvirtuaron a Constitución a través de leis que limitaban o seu articulado (Lei de Concellos, Lei electoral...). Este reforzamento do liberalismo doutrinario, que contou co apoio da rexente, ocasionou novas revoltas populares encirradas polos progresistas. En 1840 María Cristina dimitiu como rexente e marchou do país. A rexencia foi asumida por Espartero (1840-43).

En conclusión, o aspecto máis relevante da evolución política española durante este período é a desaparición definitiva do Antigo Réxime e o triunfo do liberalismo. Nos anos seguintes, o principal enfrontamento político darase entre as diferentes tendencias liberais.